

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

*RESOLUCIÓN do 3 de setembro de 2018 pola que se fan públicas as bolsas concedidas ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR809A).*

Conforme o establecido na Orde do 24 de abril de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR809A), publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de concesión e a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, persoas beneficiarias, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención

Na súa virtude,

RESOLVO:

Primeiro

Conceder as bolsas convocadas ao abeiro da Orde do 24 de abril de 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento PR809A), ás persoas candidatas relacionadas no anexo.

Segundo

Denegar o resto das solicitudes presentadas.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo



dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2018

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza  
P.D. (Orde do 29.12.2017 e DD III da Orde do 24.4.2018)  
Jesús Gamallo Aller  
Director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

#### ANEXO

#### Persoas adxudicatarias

	Apelidos	Nome	Destino	Subvención concedida	Aplicación orzamentaria
1	Álvarez Rodríguez	Iván	Oficina Técnica da Cooperación Española no Perú	17.400 €	05.26.331A.4800
2	Cendán Castillo	María	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Santiago de Compostela	12.000 €	05.26.331A.4800
3	González Flores	María	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Santiago de Compostela	12.000 €	05.26.331A.4800
4	Pesoli	Giulia	Oficina Técnica da Cooperación Española en Guatemala	17.400 €	05.26.331A.4800
5	Álvarez Alcaraz	Raquel	Oficina Técnica da Cooperación Española na República Dominicana	17.400 €	05.26.331A.4800
6	Dávila Cacheda	Sabela	Oficina Técnica da Cooperación Española en Mozambique	17.400 €	05.26.331A.4800

